



I PREMIO PLATTA DE TEATRO BREVE

Co obxectivo de estimular a escrita teatral e promover tanto a súa tradución como a súa difusión nos diferentes territorios que configuran a Plataforma Transfronteiriza de Teatro Amador, convócase o presente Premio PLATTA de Teatro Breve en tres linguas.

REGULAMENTO

PRIMEIRO

O I PREMIO PLATTA DE TEATRO BREVE estruturase ao longo do ano 2019 en tres certames que se corresponden coa lingua do territorio que acolle cada un dos festivais transfronteirizos:

- I Premio PLATTA de Teatro Breve, de Castilla y León (castelán).
- I Premio PLATTA de Teatro Breve, de Galicia (galego).
- I Prémio PLATTA de Peças Curtas de Teatro, de Portugal (portugués)

SEGUNDO

O I PREMIO PLATTA DE TEATRO BREVE - PORTUGAL está aberto a todas as persoas interesadas coa única condición de presentaren o seu traballo en portugués.

TERCEIRO

As obras, de temática libre, serán completamente inéditas e terán unha extensión de 5 a 10 páxinas. O material deberá enviarse por correo electrónico **premiosplatta@erreguete.gal** en formato pdf (DIN A4, letra Times New Roman 12) e con marxes de 3 cms. (superior e inferior, dereita e esquerda). O texto levará no seu inicio o TÍTULO, que aparecerá tamén no asunto do correo. Do mesmo xeito, noutro correo electrónico que levará como asunto TÍTULO DO TEXTO – AUTORÍA, xuntarase un documento no que figure o TÍTULO e AUTORÍA (nome, apelidos, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico).

CUARTO

O prazo de admisión dos orixinais para a presente convocatoria remata o 14 de xullo de 2019.

QUINTO

O texto gañador será levado á escena nos obradoiros de lecturas dramatizadas en tres linguas que se desenvolven dentro do programa do II Festival Transfronteirizo de Teatro Amador de Viana do Castelo durante os días 20, 21 e 22 de setembro, en Viana do Castelo. A persoa premiada será convidada a asistir ao acto das lecturas, no cal será presentada a súa obra e a súa traxectoria artística. A peza gañadora será publicada en tres linguas nun caderno da *erregueté* dentro dunha colección especial dedicada á PLATTA editada co apoio da Agrupación Europea de Cooperación Territorial. Cada autor ou autora premiada será agasallado con 15 exemplares do caderno.

SEXTO

O xurado estará formado por un secretario con voz e sen voto designado pola organización e tres persoas relacionadas co mundo teatral. A composición do xurado farase pública no momento de se producir o seu ditame. O xurado actuará en pleno, en sesión única e o seu ditame será inapelable.

SÉTIMO

O xurado terá de prazo 15 días útiles a contar desde o peche de cada un dos prazos para comunicar a súa decisión, que se dará a coñecer á prensa e aos premiados.

OITAVO

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

